

SÁLVORA: ILLA DAS MULLERES SALVADORAS



LUÍS TEIRA PALEÓN / COFRADÍA DA DORNA DE RIBEIRA / paleon@paleon.net

Cipriana Oujo, Josefa Parada e María Fernández, as heroínas de Sálvora

O 1 de xaneiro de 1921 partía da Coruña o vapor Santa Isabel con destino a Cádiz, tendo programado na súa ruta facer recalada en Vilagarcía e en Vigo. Nel viaxaban 266 persoas, principalmente emigrantes, que o vapor fora recollendo en varios portos do Cantábrico para levalos á cidade andaluza, e de alí á soñada América.

Na madrugada do 2 de xaneiro, un temporal comezou cando o Santa Isabel navegaba á altura de Fisterra, no medio dunha mesta borraaxeira e co mar picado. Superada Sálvora, o barco intentou virar 90 graos para entrar dentro da ría da Arousa á procura de abrigo, mais non conseguiu facer tal manobra. Á 1:30 da madrugada encallou a uns escasos 150 metros do faro vello da illa de Sálvora.

Coa embestida, o Santa Isabel quedou sen electricidade, o que fixo que ficase totalmente ás escuras e co aparello de radio inutilizado. Só puido transmitir unha mensaxe de socorro incompleta -"Estamos encima de las rocas de salv..."-, facendo imposible que os telegrafistas de *Finisterre Radio* a descifrasen axeitadamente a e tomasen as medidas oportunas para iniciar o salvamento.

A pasaxe foise xuntando na popa do barco, xa que afundía de proa. O Santa Isabel quedou atravesado cara ao norte, amosando o costado de babor ás ondas. Isto provocou que todos os botes que se arriaran por ese costado escachasen contra o barco e os cantís da costa. O mar comezou a encherse de cadáveres.

Un dos torreiros do faro comezou a oír berros e pouco despois constatou que se trataba dun barco encallado nas rochas. Dirixiuse de présa cara á aldea para avisar aos demais habitantes. Mais na noite de fin de ano moitos deles foran visitar aos seus familiares á parroquia de Carreira, en Ribeira, e o temporal deses días impedira o seu regreso. En Sálvora ficaran basicamente vellos, vellas e rapazada; que se dispuxeron a emprender o rescate.

Botaron varias dornas ao mar dende a praia da Area dos Bois. Foron, concretamente, tres. Unha delas estaba tripulada por Josefa Parada, de 25 anos, Cipriana Oujo, de 16, e María Fernández, de 14; tres mozas cun papel fundamental na salvación de moitas vidas. Tiveron que vogar varias millas con mal tempo ata chegar á zona do afundimento e ver como o barco quebraba en tres partes e comezaba a afundirse apresuradamente.

A dorna das mulleres fixo en total catro viaxes de case dúas millas cada un, entre ondas bravas. As heroínas de Sálvora rescataron do mar e da morte segura a máis dunha ducia de náufragos. O saldo final da traxedia foi de 53 persoas rescatadas e 213 falecidas. O vello cemiterio de Ribeira, xa clausurado naquela época, tivo que ser reaberto para poder dar tanta sepultura.

**Texto extraído dun artigo publicado por Luís Teira Paleón na Revista 'Ardentía' da
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial**

1. Fai un resumo do texto.

2. Sinala a estrutura do texto.